

ELMER

Texto e ilustracións de DAVID MCKEE

Tradución de XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ

Encadernado en cartonné. 20 x 23. 36 páx. 14 €.

ISBN 978-84-8464-380-7. Tras os montes.

Había unha vez unha manda de elefantes.



*Elefantes novos, elefantes vellos, elefantes altos,
elefantes gordos e delgados. Elefantes dunha maneira e doutra,
todos diferentes, pero todos felices e da mesma cor.*

Todos menos Elmer. Elmer era diferente. Elmer era de cores...

A pel de Elmer é de moitas cores e, malia que quixera parecerse aos seus conxéneres, sempre será multicolor. Afortunadamente! Con máis de 30 anos dende a súa publicación, este clásico da Literatura Infantil e Xuvenil contemporánea aborda con humor e con simpatía as dificultades para aceptarnos tal como somos, recoñecendo e poñendo en valor o que nos diferencia dos demais.

Co apoio dos seus compañeiros, que aprecian a súa ledicia e o seu carácter aberto, o tenro e entrañable protagonista desta serie mundialmente coñecida logrará superar a inseguridade, a tristura e o rexeitamento inicial que sentía polo seu aspecto. Unhas ilustracións cheas de colorido e contrastes, e un relato con tensión narrativa ben resolta, fan desta obra un recurso imprescindible para primeiros lectores.

A historia de Elmer, que protagonizou máis dunha vintena de títulos editados en numerosos países, remóntanse a 1968. O autor paseaba pola súa cidade natal coa súa dona –de orixe anglo-india– e a filla de ambos cando, na outra beira da rúa, un rapaz aldraxou a nena. Coa influencia artística de Paul Klee, o autor preséntanos esta divertida criatura de aspecto “amarelo, laranxa, vermello, rosa, violeta, azul, verde, negro e branco” para enxalzar a tolerancia e o respecto polas diferenzas, afondar no autoconhecimento e na individualidade, e destacar a importancia de ser un mesmo.



■ **Temática:** as aventuras dun elefante diferente.

■ **Idade recomendada:** desde 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** respecto polas diferenzas; diversidade, tolerancia, aceptación, individualidade; emocións; arte; 26 de maio, Día Mundial de Elmer; do autor de “[Agora non, Bernardo](#)” (Kalandraka).


■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/elmer-g>

David McKee

(Reino Unido, 1935)

Mentres estudaba na Escola de Arte e Deseño de Plymouth comezou a colaborar en varios xornais como caricaturista. The Times é un dos prestixiosos medios nos que traballou antes de dedicarse á ilustración. Como autor, dende 1964 ten publicado numerosos libros infantís que acadaron éxito internacional e foron traducidos noutros países. Moitas obras súas convertéronse en proxectos cinematográficos e series de animación para televisión. Recibiu, entre outros premios, o Deutcher Jugendliteraturpreis 1987, Children's Choice Selections 1997, International Reading Association 1997 e 1999, e foi nominado ao Premio Hans Christian Andersen en 2006. “Cando penso nos álbums, vexo que non só é un tipo de libros para nenos; tamén o é para adultos, dun xeito peculiar. Gústame pensar que escribo para o adulto que o neno será un día e para o neno que aínda está nun adulto”, ten afirmado.



www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com